

Mércores, 13 de setembro de 2023

Núm. 177

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### MOAÑA

#### Oferta de emprego público

#### CORRECCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE MOAÑA PARA O ANO 2023

Na Resolución de Alcaldía núm. 2023-0783, de 4 de setembro de 2023, aprobouse a seguinte corrección de erro no resolvo 2º da Resolución da Alcaldía 2023-0614, do 30 de xuño de 2023, da oferta de emprego público para o exercicio 2023, coa especificación das prazas relacionadas xunto coa súa denominación e clasificación:

Onde di:

*"2º Aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello de Moaña para o ano 2023, que contén os seguintes postos de traballo:*

*PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA. Taxa de reposición de efectivos*

Nº	Denominación	Grupo	Subgrupo	Escala	Subescala	Titulación	Provisión
1	Inspector de policía	A	A2	Adm. Especial	Ss. especiais	Grao universitario	Promoción interna
2	Policía local	C	C1	Adm. Especial	Ss. especiais	Bacharelato ou equivalente	Quenda libre
1	Administrativo/a	C	C1	Adm. Xeral	Administrativa	Bacharelato ou equivalente	Quenda libre
1	Bibliotecario/a	A	A2	Adm. Especial	Técnica	Grao universitario	Quenda libre

*PERSOAL LABORAL FIXO. Taxa de reposición de efectivos*

Nº	Denominación	Grupo	Subgrupo	Titulación	Provisión
2	Limpador/a	5	5B	Non se require	Quenda libre

“



Mércores, 13 de setembro de 2023

Núm. 177

Debe dicir:

“ 2º. Aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello de Moaña para o ano 2023, que contén os seguintes postos de traballo:

**PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA. Taxa de reposición de efectivos**

Nº	Denominación	Grupo	Subgrupo	Escala	Subescala	Titulación	Provisión
1	Inspector de policía	A	A2	Adm. Especial	Ss. especiais	Grao universitario	Promoción interna
1	Policía local	C	C1	Adm. Especial	Ss. especiais	Bacharelato ou equivalente	Quenda libre
1	Policía local	C	C1	Adm. Especial	Ss. especiais	Bacharelato ou equivalente	Mobilidade
1	Administrativo/a	C	C1	Adm. Xeral	Administrativa	Bacharelato ou equivalente	Quenda libre
1	Bibliotecario/a	A	A2	Adm. Especial	Técnica	Grao universitario	Quenda libre

**PERSOAL LABORAL FIXO. Taxa de reposición de efectivos**

Nº	Denominación	Grupo	Subgrupo	Titulación	Provisión
2	Limpador/a	5	5B	Non se require	Quenda libre

“

O que se publica en cumprimento do ordenado na Resolución de aprobación desta.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa publicación, ó abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa publicación, consonte ó disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado polo transcurso do dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, consonte ao establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que as persoas interesadas estimen procedente conforme a Dereito.

A alcaldesa, Leticia Santos Paz

